

Prunella modularis (Linnaeus, 1758)

	azulenta
	acentor común
	tuntun arrunta
	pardal de bardissa
	dunnock
	ferreirinha-comum



FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Prunellidae	<i>Prunella</i>



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

Peso	20 g
Lonxitude	13-14 cm
Envergadura	19-21 cm

ALIMENTACIÓN

Insectívora, pero pode consumir sementes cando os insectos escasean, como en inverno.

COMPORTEMENTO

Defínese o seu desprazamento polo chan de camiños forestais como “arrastrando os pés”. Deste xeito busca alimento. O niño é construído por ambos sexos con musgos, herbas, lá e outros tipos de pelo.

REPRODUCCIÓN

Celo de abril ata agosto. 1-3 postas, entre 3-7 ovos (incluso ata 12) con incubación por parte da femia que dura 12-13 días. Os polos deixan o niño uns días despois de deixaren de ser alimentados, o cal se produce 11-12 días despois da eclosión dos ovos.

HÁBITAT

Matogueira e outros medios arbustivos en zonas de media e alta montaña.

DISTRIBUCIÓN

Practicamente só europea, moi abundante no norte e centro e máis fragmentada no sur.

CURIOSIDADES

Só o seu reclamo o delata, pois a súa plumaxe discreta e o seu hábito de pasar moito tempo en zonas de herba espesa non permiten a súa visualización. Só na época do celo o macho sae e se deixa ver, xa que canta en pousadeiros altos; o cortexo consiste nunha persecución na que ambos sexos aletean e axitan a cola no chan.

A forma “mabbotti” é a máis común no territorio peninsular.